

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 16 DE XUÑO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dezaseis de xuño de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 9 de xuño de 2020**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 9 de xuño de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Resolución do 9 de xuño de 2020, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se fan públicas as candidaturas presentadas nas xuntas electorais provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra para as eleccións ao Parlamento de Galicia de 2020. (Diario Oficial de Galicia, número 112, do 10 de xuño de 2020).

- Resolución do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego da excma. Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FO023B: convocatoria do programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2020. Figura o Concello de Cambre co obxecto "servizo de socorrismo na piscina municipal Os Castros do Bosque Cecebre" cun importe de 7.073,16 euros e cun

orçamento subvencionado que se ha xustificar por importe de 7.073,16 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 84, do 10 de xuño de 2020).

- Resolución do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO206 convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de Cultura en 2020. Figura o Concello de Cambre co obxecto "mantemento do persoal técnico en xestión cultural" cun importe de 14.700,00 euros e cun orzamento subvencionado que se ha xustificar por importe de 18.375,00 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 84, do 10 de xuño de 2020).

- Resolución da Secretaría Xeral. Sección de Información e Actas da excma. Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FONL 2020 convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzamento dos Servizos de Normalización Lingüística, durante o ano 2020. Figura o Concello de Cambre co obxecto "mantemento do SNL" cun importe de 15.000,00 euros e cun orzamento subvencionado que se ha xustificar por importe de 18.750,00 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 86, do 12 de xuño de 2020).

- Anuncio da Tesourería e Xestión de Tributos. Servizo de Xestión Tributaria da excma. Deputación Provincial da Coruña, de exposición pública da matrícula do IAE exercicio 2020 imposto sobre actividades económicas. (Boletín Oficial da Provincia número 86, do 12 de xuño de 2020).

### 3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 5 ao 11 de xuño do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 726/2020 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 763/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
726/2020	05-06-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita al lado de la urbanización Os Castros do Bosque, Cecebre, Cambre. Propiedade: JdeH S.A.
727/2020	05-06-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 9 de xuño de 2020
728/2020	05-06-2020	Denegar a axuda alimentación , segundo o disposto no artigo 22.4, por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: AVM
729/2020	05-06-2020	Denegar a axuda alimentación, segundo o disposto no artigo 22.1, non se cumpre o establecido no artigo 2, o saldo medio de aforro é superior ao establecido na ordenanza. Solicitante: NAL
730/2020	05-06-2020	Aprobación xestión padroal do mes de marzo 2020
731/2020	05-06-2020	Emenda solicitude subvención POS+Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19
732/2020	05-06-2020	Bases reguladoras e a convocatoria, en réxime de

		concorrenza competitiva, das subvencións destinadas á mellora e equipamento das instalacións e locais culturais de entidades locais de Galicia destinados a actividades de carácter cultural
733/2020	05-06-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria conxunta das Comisións Informativas do día 10 de xuño de 2020
734/2020	05-06-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: CARL
735/2020	05-06-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JAMB
736/2020	08-06-2020	Reposición legalidade urbanística por construción de caseta sen licenza en Picardos, Anceis. Propiedade: LMLS.
737/2020	08-06-2020	Reposición legalidade urbanística por realización de obras non incluídas na comunicación previa presentada en finca sita en Estrada Cambre-Temple. Cambre. Propiedade: ESQ
738/2020	08-06-2020	Conceder a axuda aluguer por importe de 275 euros. Solicitante: MALP
739/2020	08-06-2020	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: EFF
740/2020	09-06-2020	Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en finca sita en Anceis consistentes en obras de peche, construción de galpón, estacionamento de autocaravana e cría de cabalos. Propiedade: CSV
741/2020	09-06-2020	Declaración de ruína de edificación sita en Os Coruxos, San Lourenzo. Propiedade: MVFC e MFC
742/2020	09-06-2020	Comunica colocación de invernadoiro pegado á parede da súa vivenda sita en Praza de San Marcos, 6, Anceis. Propiedade: MBG
743/2020	09-06-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en San Bartolomeu, Pravio con maleza e árbores cercanos á edificación. Propiedade: A de Oviedo.
744/2020	09-06-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en no Canal, Cecebre con árbores con perigo de caída. Propiedade: Herdeiros de LML-SS
745/2020	09-06-2020	Reposición legalidade urbanística por colocación de valla publicitaria no Temple, Cambre nos arredores do Paraugas. Propiedade: ICdeMC
746/2020	09-06-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Nebrixo con árbores con perigo de caída. Propiedade: Herdeiros de CPB
747/2020	09-06-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Sobrecarreira, Sigrás con ramas de árbores invadindo camiño público e en contacto con tendido eléctrico. Propiedade: JBM y MJRS
748/2020	09-06-2020	Orden de execución por vertido de augas residuais cara a

		camiño e finca sita en Pombo, Pravio. Propiedade: LÁ e MMVG
749/2020	09-06-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Samosteiro, Cambre. Propiedade: A e MdelPT R/CM del SC/JÁTC/M Ca, BL, ABTC
750/2020	09-06-2020	Orde de execución por estado de parcela sita en Piñeiro, Brexo-Lema. Propiedade: JLDM
751/2020	09-06-2020	Estado de parcela sita en San Bartolomeu, Pravio con existencia de estrato arbustivo e árbores a menos de 50 metros de edificación Propiedade: Herdeiros de ÁNM
752/2020	09-06-2020	Substitución de postes eléctricos novos por deterioro dos anteriores, colocados no mesmo punto onde se encontraban os vellos na Pena, Sigrás
753/2020	10-06-2020	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: CCL
754/2020	10-06-2020	Celebración voda civil de MVC e RBV o 16 de xuño ás 12,30 horas
755/2020	10-06-2020	Contrato menor para a prestación do servizo de coordinador de seguridade e saúde para as obras de Pavimentación da rotonda de acceso á Barcala e complementarias de instalación eléctrica
756/2020	10-06-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Voceiros do día 11.06.2020
757/2020	10-06-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 15 de xuño de 2020
758/2020	10-06-2020	Transferencia de crédito núm. 2/2020. Premios de promoción empresarial
759/2020	10-06-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 15 de xuño de 2020
760/2020	10-06-2020	Autorización apertura urna perimetral sinalada co número 110, letra B, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar a dona D.P.L., falecida o día 9 de marzo de 2020
761/2020	11-06-2020	Aprobación programa "Campamento urbano de verán 2020"
762/2020	11-06-2020	Non admisión a trámite da denuncia de acoso laboral formulada por JABC
763/2020	11-06-2020	Devolución de oficio da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, por ausencia de feito imponible

O señor alcalde solicita que conste en acta que, ante a petición formulada durante o transcurso da sesión do pleno extraordinario que tivo lugar no día de onte pola concelleira dona Maria José Garcia Hidalgo, do Grupo Mixto, respecto de que lle sexa remitida a documentación relativa ás comisións informativas das que ela non forma parte, quere facer constar que desde principios da anterior lexislatura se remite aos vinteun concelleiros toda a documentación que vai ser obxecto de ditame nas comisións informativas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.



O presidente  
Óscar A. García Patiño

A secretaria  
Maria Luisa de la Red Ampudia